



PLANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 4/2019

CARÁCTER: Extraordinario

ANUNCIO

Con data 26 de marzo de 2019, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á sesión extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o día 1 de abril, ás 11:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello motivada na necesidade de dar cumprimento ao recollido no Real Decreto 129/2019, de 4 de marzo, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións; a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Asunto único.- Designación, mediante sorteo, dos membros das mesas electorais correspondentes ás Eleccións Xerais de 28 de abril de 2019. Proposta de Alcaldía de data 26/03/2019.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570